

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024 (DOG 18/09/24), da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de **eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PAIS E NAIS do alumnado**.

O consello escolar é o órgano colexiado a través do que participan na xestión do centro todos os sectores da comunidade educativa, polo que **é moi importante a participación de todos os pais e nais neste proceso**, presentando candidaturas e nas votacións.

O proceso de renovación rexerase polas seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 11, punto 13 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), **corresponde elixir** no presente proceso electoral a **un pai/nai (1)**, dun total de tres que debe ter o Consello Escolar.
2. Poden ser **candidatos/as** todas as nais e pais ou, se é o caso, os titores legais, que presenten a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio, ou que se pode descargar da páxina web. **As candidaturas poderán ser presentadas desde as 10.00 horas do día 29 de outubro ata as 14.00 horas do día 8 do mes de novembro de 2024**.
3. Teñen **dereito ao voto o pai e a nai (os dous)** ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos, incluídos no censo que estará exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao Censo poderán realizarse ata as 12.00 horas do día 6 de novembro de 2024.
4. As **VOTACIÓNS** realizaranse nas dependencias do centro o **día 19 de novembro, martes, de 13.30 a 17.30 horas**.
5. A **mesa electoral**, será constituída o mesmo día, en acto público, ás 13.15 horas, e estará formada polo Director, como presidente, e catro pais/nais designados por sorteo.
6. Na **papeleta** de votación cada elector **marcará cunha X un máximo un nome (1)** dos candidatos presentados, que estarán relacionados por orde alfabética.
7. Cada elector deberá **acreditarse, mediante a presentación do D.N.I.** ou outro documento oficial. O **voto será directo, secreto e non delegable** e non se admitirá o voto por correo.
8. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
9. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Vedra, a 29 de outubro de 2024

O DIRECTOR DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: José Viana Rey